



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS VINTE E UN,
REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DIA SETE DE ABRIL DE
DOUS MIL NOVE

Na Casa Consistorial de Poio, ás trece horas e dez minutos do día sete de abril de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Iglesias Diaz, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel A. Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; excusa a non asistencia o Concelleiro do Grupo do Partido Popular D. Alberto Villaverde Méndez; actuando como Secretaria Xeral a da corporación D^a. Paula Díaz Ramos e como interventora municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3231.-.APROBACIÓN INICIAL PROXECTO DO ORZAMENTO XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2009.- Pola Secretaria da Corporación dasé conta do proxecto xeral do orzamento municipal para o exercicio 2009 e cada un dos seus estados e anexos así como do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión extraordinaria realizada o 3 de abril de 2009 e que di o que segue: "Abre a sesión o Presidente da Comisión lamentando a ausencia dos membros do grupo municipal do P.P. pese a ser o único punto incluído na orde do día, de vital importancia dentro do funcionamento ordinario do Concello, tendo sido convocados en tempo e forma. A continuación manifesta que se presenta o mellor proxecto que poda confeccionarse no estado actual de

crise intentando manter, non obstante, o mesmo nivel e calidade na prestación dos servizos municipais.

Destaca así mesmo, cómo existe un maior nivel de estabilidade presupostaria respecto ao orzamento precedente.

Non formulándose debate ningún e tras ser aclarados pola Interventora diversos aspectos relacionados cos estados e anexos que conforman o proxecto xeral, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros asistentes, de conformidade co establecido nos artigos 168.1º e 216 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Comisión Informativa de Facenda adoptou o seguinte DITAME: Primeiro.- Informar favorablemente o levantamento do reparo suspensivo que respecto a aprobación de diversas facturas por importe de 95.627,72 euros se contempla no Anexo I ao Informe da Intervención.

Segundo.- Informar favorablemente o proxecto xeral de orzamento municipal para o exercizo 2009 en todos e cada un dos seus estados e anexos."

A continuación toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián que manifesta que o proxecto do orzamento presentado para o ano 2009 acada os 11.1 millóns de Euros. A diminución prodúcese basicamente por dúas causas, diminución en gastos de persoal 12%, pola eliminación dos salarios en canto a Escola Obradoiro se refire e amortización de prazas así como a diminución das taxas por licenzas urbanísticas.

Fai un resumo detallado por capítulos do orzamento de gastos e dos ingresos, axustándose aos datos que figuran na memoria da alcaldía de data 31 de marzo de 2009, coas variacións que sufriron con respecto ao exercicio 2008.

O Sr. Domínguez Lino di que un ano máis, preséntannos os orzamentos con 6 meses de demora. Como marca a lei (sendo perceptivo facelo antes do 15 de outubro e aprobalos antes do 31 de decembro do ano anterior), e ademais, despois dos desencontros do bigoberno do PSOE-BNG, convócanos con nocturnidade e alevosía con 48 horas de antelación a unha Comisión de Facenda extraordinaria para estudar os devanditos orzamentos, é dicir, o que non fixeron en 6 meses, preténdeno emendar en 7 días e agora o pleno convócano ás 13,00 horas.

Uns orzamentos por un total de 11 millóns de euros, dos cales máis de 9,2 millóns deixannos en débeda e que fará que todos os anos teñamos que pagar en amortizacións dos devanditos préstamos mais de 900.000 euros ao ano, é dicir mais de 150 millóns das antigas pesetas. Superando xa o 90 % do nivel de endebedamento permitido.

Estes días saliu en prensa un informe do Ministerio de Economía e Facenda, polo tanto supoño que non será demagogia do PP, na que o Concello de Poio é un dos Concellos con máis débeda por habitante, concretamente

estamos en segundo lugar de todo Galicia. É dicir, que os veciños de Poio estamos endebedados ata as cellas, mentres que a débeda media en Galicia dos habitantes por Concello, é de 228 euros, en Poio superamos os 517 euros, polo tanto máis do dobre que cada galego, e isto é grazas á NEFASTA POLÍTICA ECONOMICA desenvolvida polo BNG nestes 14 anos de goberno, dos cales 6 esta coa compañía do PSOE.

Unha desastrosa política económica e nula planificación que nos leva a ser nestes momentos o 2º Concello máis endebedado de toda Galicia con relación ao núm. de habitantes, cunhas taxas que pagamos das máis caras de toda a comarca, e por enriba este ano estiveron tan iluminados, que nos soben as taxas ata o 7,68% cando estamos en plena crise económica e cun IPC nestes momentos negativo, é dicir que a súa política económica é extraordinariamente desastrosa e os exemplos diso hai están.

No que fai o plan de saneamento financeiro que aprobaron o ano pasado, non sei porque o aprobaron, xa que o incumpren sistematicamente e non só o di o Partido Popular, polo tanto tampouco será unha invención nosa, senón que no informe de Intervención así se especifica.

Incumpren o número de horas extraordinarias, xa lle dixen Sra. Besada que volveu a incumprir a súa palabra, pero isto non nos estraña nin ao Partido Popular nin aos veciños. No Pleno do orzamento do ano pasado se díxo, Sra. Besada, que se estaban a tomar medidas para suprimir os gastos das horas extraordinarias e que ao final do ano o Partido Popular poderíao comprobar. E efectivamente comprobámolo e comprobámolo estupefactos das súas nefastas previsións, e iso que non houbo inundacións, incendios, etc e ao final Sra. Besada duns gastos no ano 2007 de 150.000 euros en horas extraordinarias, grazas ás súas medidas pasamos a uns gastos de 250.000 euros, é dicir en vez de rebaixalos como nos anunciara, incrementaas e en nada menos que en 100.000 euros máis. Iso si que son tomar medidas, facer estudos e planificación. Polo tanto desde o PP queremos darlle os parabéns á Concelleira de persoal por dito logro.

Esperemos que cumpra dunha vez a palabra que nos deu o ano pasado e que no último pleno volveuna a dar de que estará en contratación despois de Semana Santa a contratación da RTP. Isto Sra. Besada xa é unha Proposta de fai 2 anos que desde o Partido Popular estámoslle a facer.

Incumpren tamén o plan de saneamento, a formalización de contratos plurianuais de subministracións, os investimentos tíñanse que intentar facer con fondos propios en vez de endebedamento (e con fondos propios fanse 0 euros de investimentos), etc , é dicir que unha vez máis estamos incumprindo a estabilidade orzamentaria, pero este ano co agravante que seguímolo facendo incluso cun plan de saneamento financeiro que xa lle dixemos que se quedaría escaso e xa que logo xa no momento oportuno non votamos a favor, como agora poden comprobar que non o cumpren e por certo que lle presentamos outra proposta Sra. Besada de Plan de austeridade que nolo rexeitaron.

INVESTIMENTOS: Temos investimentos por 1.442.312,26 euros e a mostra máis fidedigna da penosa situación económica do Concello de Poio, é que con fondos propios non facemos nin un euro de investimento. É dicir que as nosas arcas están baleiras para realizar investimentos á nosa costa, é outro signo de debilidade económica do Concello de Poio e á que nos esta levando o Sr. Sobral e a Sra. Besada.

Uns Investimentos que proxectan que desde o Partido Popular, por certo que non imos discutir pero se queremos deixar claro que faltan investimentos para mellorar o benestar dos nosos veciños, e que lle vimos demandando cada ano como poden ser entre outros investimentos:

- Para un Centro de Día tan necesario para os nosos maiores de Poio.
- Para a prometida piscina municipal.
- Terceiro pavillón de deportes.
- Ou investimentos para a necesaria Depuradora de Raxo. e que segue facendo que vertamos directamente ao mar tanto en Raxo como parte de Samieira.

PERSOAL: Volvemos a pedir un ano máis unha revisión e reestruturación do persoal do Concello, petición ademais unha vez máis referendada no Informe de Secretaría.

Temos unha relación de postos de traballo en onde existen postos desempeñados por persoal laboral que incumpren as regras, xa que trátanse de postos reservados a funcionarios de carreira, así se recollía tamén no Informe de Contas do ano 2001-2002. Hai que limitar a contratación de persoal laboral aos supostos excepcionais permitidos.

Existe un importante número de prazas vacantes que levan anos nesta situación e incluso coa súa convocatoria correspondente de oferta de emprego público (ano 2.005).

GASTOS CORRENTES: Existe un ano máis un aumento no capítulo 2 de gastos correntes, pasamos do 39% que supoñía nos orzamentos do ano 2.008, ao 43% do que supón este ano 2.009, é dicir que incrementan os gastos correntes en plena

crise económica e que incumpren como lle pedíamos e planteabamos na nosa proposta de redución de gastos. Estes 4 puntos de incremento seguiranlles servindo para facer as súas cacicadas cuns poucos veciños e que ao final se ven prexudicados todos os veciños de Poio, o problema que co seu bigoberno peléxanse entre vostedes haber quen a fai maior, e se un pon pola mañá por exemplo un colector, o outro vai pola tarde e tírao; esa é a súa política, Sra. Sobral e Sra. Besada e ademais o problema é que vostedes son conscientes diso e non fan nada para remedialo.

Por todo iso, desde o Partido Popular non podemos apoiar os devanditos orzamentos que incumpren os seus compromisos cos veciños, que nos endebedan se cabe aínda máis e que non solucionan os problemas de persoal existentes no Concello de Poio.

Xa para rematar quero lembrarlle á Sra. Besada as propostas que desde o Partido Popular xa desde Setembro estamos propoñendo en relación cos orzamentos e que todas elas foron rexeitadas polo Bigoberno BNG-PSOE, para que logo non diga que non presentamos propostas. Xa que logo non entendo as súas declaracións cando di que non presentamos propostas, iso quere dicir dúas cousas:

- Ou que mente.
- Ou que cando vota non se decata do que vota.

Así lémbrolle que voto en contra as seguintes propostas do Partido Popular:

- 10 de Setembro do 2008. Plan de austeridade presentado polo Partido Popular.

- Outubro 2008. Proposta de conxelación de taxas e impostos, é dicir crecemento 0 euros nas devanditas taxas, fronte ás súas propostas de incrementos do 4,9 e do 7,68%.

- Novembro 2008, que a Consellería de Vivenda, incorporase a Poio no Plan sectorial de vivenda protexida.

- Decembro 2009, que os fondos anticrise do Estado destínense a finalizar e mellorar o Saneamento e abastecemento de Poio.

- Xaneiro do 2009 moción para revisión de taxas e impostos

ao IPC Real de decembro da provincia de Pontevedra do 0,9%, fronte ás súas subidas.

Estas son algunhas que se podían considerar que están relacionadas cos orzamentos e que nestes últimos 6 meses presentamos desde o Partido Popular, data por certo de onde se terían que ter iniciados estes orzamentos, e que lle repito por se non se enterou, que vostede Sra. Besada votou en contra das nosas propostas.

Ademais solicita dada as actividades das importantes funcións que desenvolven que se incluan dentro das relacións das axudas nominativas a correspondente ao Cub de

Leones

O Sr. Barreiro Lubián di que de aprobalos antes a súa función veríase mermada. Por 1ª vez desde que gobernan, apróbanse tan tarde e cumpren o seu obxectivo, tamén destaca que a demora veu en parte provocada polas esixencias do Fondo Estatal de Investimento Local que aumentaron considerablemente a carga de traballo e precisaban que as obras estiveran contempladas nos orzamentos xerais municipais para o exercicio 2009.

Por outra banda, a convocatoria é legal e sempre se facía así (faise así sempre) e iso non xustifica o "numerito".

En relación aos gastos do capítulo III e IX, con eses préstamos acometéronse moitos investimentos que favoreceron aos veciños. Que incongruencia que se pidan máis investimentos e que se rebaixe a presión fiscal.

Critica o nivel de endebedamento do concello pero ó máis alto é o do seu modelo de xestión: Sanxenxo. A débeda está contratada a longo prazo, existe gran liquidez o que permite pagar aos acreedores en tempo e forma, sen restar credibilidade ao Concello, en comparación con outras épocas xa que a débeda superaba o importe do presuposto.

Resalta que o feito de que o 50% dos gastos financiense con recursos propios, é altamente positivo é máis que razonable.

As propias obras do Fondo de Investimento Local supoñen xa un bo investimento respecto con outras épocas.

En canto á subida de taxas, vostedes utilizan a información de forma torticera xa que son conscientes de que a taxa pola prestación do servizo de sanemanete sofriu as veces un incremento decrecente.

É o orzamento máis prudente e razoable en termos orzamentarios e de seguridade, o que se traduce en maior liquidez en un remanente líquido de tesourería de carácter positivo.

Sobre as propostas formuladas polo grupo municipal do Partido Popular nos derradeiros meses, destaca:

- O plan de austeridade solo acadaba un importe de 90.000,00 euros fronte a un orzamento de case doce millóns de euros.

- A incongruencia dun modelo que descansa sobre a rebaixa da presión fiscal e nun incremento das investimentos e no descenso do endebedamento.

- Sobre o Plan sectorial de vivenda, a súa repercusión orzamentaria e nula sen que se concretase en modo ningún a proposta formulada.

- En canto a posibilidade de destinar os recursos do Fondo Estatal de Investimento Local a obras de abastecemento e saneamento en diversos puntos do termo municipal supón ou reflite un profundo descoñecemento da realidade dun Concello que presta na actualidade en case un 90 por cento o servizo de saneamento tendo en conta máis se cabe, o alto grado de dispersión da poboación. Co servizo de abastecemento de auga potable, os datos son similares.

Polo que respecto ao grao de eficacia e eficiencia na aplicación dos recursos do Fondo á espazos públicos, debe ser calificada positivamente xa que partindo do alto grao de prestación dos servizos obrigatorios alcanzando incluso a outros solo esixibles en municipios con maior número de habitantes, xenérase para o concello de Poio verdadeiras ventaxas competitivas que elvan a calidade de vida frene a outros Concellos con igual e incluso maior número de veciños.

O feito de que o importe total dos presupostos sexa inferior aos do exercizo 2008 non quere dicir que sexan peores, sobre todo, no actual escenario de crise económica.

Por último destaca que cando o seu grupo municipal accede ao equipo de goberno, o tipo de interese estaba no 12 por cento, polo que estando agora máis baixos é razoable que se apele ao crédito para o financiamento das inversións máis importantes.

Toma a palabra a concelleira delegada de vías e obras e seguido a manifestacións do concelleiro delegado de facenda, reitera que o proxecto de orzamento é o mellor nas actuais circunstancias económicas. Así mesmo, sinala que a demora na confección e aprobación do orzamento é algo excepcional e ó igual e o Sr. Barreiro Lubián, tendo sido convocada a sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Facenda con máis de 48 horas de antelación, non comprende en modo ningún a reacción do grupo municipal do Partido Popular.

En relación ao incumprimento de compromisos sinala:

- Horas extraordinarias: non existía un compromiso de eliminación senon de redución do seu número e o segue a intentar pese ao escaso apoio doutras Administracións como a Deputación de Pontevedra que ven negando sistematicamente o seu auxilio na contratación de traballadores para praias, camiños etc.

- Relación de postos de traballo: reitera as manifestación realizada na comisión informativa de facenda en relación á pronta contratación dos traballos e dos motivos que aconsellaron propor a amortización de trece prazas.

- Plan de austeridade: desde o exercicio 2008 os gastos en reparacións de vehículos experimentaron un descenso en máis de 40.000,00 euros ao que se suma as medidas para poder rebaixar igualmente o importe de determinadas partidas aínda que recoñece que é difícil reducir estes importes mantendo o mesmo nivel de calidade na prestación e servizos e de investimento.

- Investimentos: lembra aos asistentes que a partir do 15 de abril de 2009 teremos un novo executivo ó frente da Xunta de Galicia, e verase que investimentos leva a cabo o Partido Popular no Concello de Poio.

- Vacantes: o departamento de persoal está a facer un esforzo máis que notable por ir cubrindo as vacantes existentes sen descuidar as demais tarefas que corresponden ao persoal que adscrito ao mesmo encárgase da redacción e posta en marcha dos procesos selectivos, polo que poderá pedirse dito nivel de esforzo pero non milagros.

- Propostas e redución de gasto: as propostas realizadas polo grupo municipal do Partido Popular non son nin sensatas nin reais por canto é imposible prestar os mesmos servizos e baixando á vez o gasto corrente.

- En canto a determinadas declaracións que a tildan de incumpridora non van a servir de nada por que os veciños coñecen o seu traballo e condición.

Inicia un segundo turno de intervencións o Sr. Domínguez quen resposta ao concelleiro delegado de facenda:

- A redución de 90.000,00 euros facía referencia exclusivamente ao importe que asumía ó Concello senon incrementaba a presión fiscal sobre os veciños.

- En canto os prazos de elaboración e aprobación do orzamento, trátase simplemente de cumprir cos mandatos legais.

- Convocatoria da Comisión Informativa de Facenda: aínda que se respete o prazo mínimo entre convocatoria e realización da sesión, de forma usual as convocatorias realízanse os vernos o que permite os membros das mesmas poder examinar durante a fin de semana a documentación dos expedientes incorporados á orde do día, algo que se agradece cando se traballa e non se pode adicar ás responsabilidades públicas todo o día.

- Investimentos: reitera que o primordial é garantir en primeiro lugar a prestación e implantación de servizos pero non poden estar de acordo co equipo de goberno e en cómo se gastan os recursos en determinados servizos como pode ser o asesor xurídico que se mantén pese a ter descendido notablemente o número de peticións de licenzas urbanísticas,

os gastos ocasionados por traer a determinadas persoas desde Buenos Aires etc.

- Sanxenxo sí está máis endebedado que o Concello de Poio pero pola contra mantén un maior nivel de investimentos e de servizos pese a impoñer menor presión fiscal sobre os seus veciños.

- Plan sectorial de vivenda: pese os defectos que puidera ter a súa proposta, polo menos era unha esperanza para que os veciños de Poio accedesen a vivendas

sociais xa que cabe lembrar que as únicas existentes no Municipio promovéronse e construíronse baixo corporacións presididas polo Partido Popular.

- Crise: coñecen perfectamente a situación que están a padecer os máis de 1200,00 parados que existen no termo municipal.

Tamén se refire o voceiro do Partido Popular á Sra. Besada e lle resposta:

- Que cambia o término "comparsa" por "compañía" do Sr. Sobral para que non se diga que mantén unha actitude "nazi".

- En canto as súas obrigas como concelleira de persoal, leva xa dous anos no desempeño do seu cargo e o nivel de incumprimento e real e palpable.

- Investimentos: o que non se pode admitir é que en catro anos de goberno do bipartito na Xunta de Galicia non se dese ao Concello de Poio ás axudas ou investimentos que reclamase e que agora se pida todo. O Partido Popular está disposto a colaborar e axudar pero non antes incluso de que tomen posesión.

- Depuradora: o compromiso era dobre e non so do Concello de Sanxenxo polo que ¿onde está a proposta e Poio?.

O Sr. Barreiro Libián toma a palabra e reitera que as medidas de austeridade presentadas polo grupo municipal do Partido Popular non estan orzamentadas e que si se valoraban e sumaban, non superarían a cifra indicada.

Respecto á convocatoria da Comisión Informativa de Facenda, vai ser mellor cambiala para non mal acostumar aos membros do Partido Popular.

Refírese o Sr. Domínguez a propostas cocretas de redución de gasto como son o asesor xurídico ou os gastos da viaxe do Sr. Esquivel e acompañantes. Trátase dun premio Nobel, escultor etc que de seguro convertirá a zona nun atractivo máis de Poio, tendo tan solo reclamado os gastos de traslado. A elo engádese a recuperación dunha zona degradada que redunda en beneficio dos veciños deixando de ser unha "escombreira".

Non se pode admitir que Sanxenxo exerza menos presión tributaria sobre os seus veciños xa que o IBI é un 110 por

cento máis alto que en Poio, sendo os servizos prestados de peor calidade e cita a título de exemplo, a recollida de residuos sólidos urbanos.

Matiza que na súa intervención cando alude a situación económica non quere dar a entender que non sexa preocupante senón que de clara incertidume.

Existen gastos como os de reparacións que non se poden dominar ou controlar polo que de existir hai que afrontalos.

No relativo á toma de posesión da nova Xunta, tan solo aspira a que Poio reciba como mínimo o que lle deu o bipartito.

No expediente da construción da depuradora, comenta que Javier Domínguez tiña declarado en sesión plenaria que Sanxenxo xa tiña buscado a localización e así plasmouse na prensa polo que se entendeu que o voceiro do grupo municipal do Partido Popular xa tiña feito a xestión. O mesmo sucede con o campo de fútbol.

Declara ademáis ter todos os datos das xestións por el realizadas e das tres posibles ubicacións con anteproxecto e estudo, sendo o propietario na derradeira proposta, o Concello de Sanxenxo.

Toma a palabra a palabra D^a. Consuelo Besada quen afirma sentirse moi satisfeita da súa participación no equipo de goberno de Poio durante o mandato 1995-1999 dada a situación na que se atoparon o Concello, polo que espera acadar o mesmo grao de orgullo cando remate o actual mandado.

Por último, destaca que desde o grupo municipal do PSOE-PSG non se profiren insultos ningúns para os demais concelleiros nin se realiza ou leva a cabo actuación desa natureza, de forma que cando sinalou que o Sr. Domínguez tería demostrado unha "actitude nazi" estíbese a referir ás provocacións que sufriu o Sr. Alcalde unha vez finalizada a sesión plenaria.

Pecha o debate o Alcalde e manifesta que a convocatoria do Pleno realizouse como ven sendo habitual dentro dos estritos parámetros legais, facilitando todos os datos e documentos e medios a disposición dos seus membros, incluso con, quizás, demasiada liberdade. Si é algo excepcional que se celebre pola mañá, algo que pola contra sí é habitual noutros concellos.

Reitera que o Fondo Estatal de investimento Local sí afectou ao proceso de elaboración do orzamento tamén noutras Administracións e que sen ir máis lexos, o Concello de Sanxenxo está en prórroga presupostaria, polo que a situación do Concello de Poio é máis que aceptable.

En canto ao personal, todos os anos cúbrense prazas sendo boa proba delo o Corpo de Policía local que se espera

conte antes de rematar o ano con doce membros. Dentro dos límites que impón o principio de prudencia presupostaria, vanse adoptando medidas.

Denuncia que se están a tomar á lixeira certos investimentos que se covertiron en verdadeiros lugares de ocio para os veciños de Poio e que grazas a actuación municipal poderán acoller importantes equipamentos como a piscina municipal.

Non quere ser repetitivo pero manifesta que como declarou o concelleiro delegado en facenda tan solo espera da nova Xunta de Galicia que se faga un reparto equitativo en función dos recursos e da poboación, sen incorrer en condutas como a do Sr. Núñez Feijoo cando era titular da COTOPV, polo que solo se pide racionalidade.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, o Pleno, de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 e xullo de Administración Local de Galicia, 168.1º e 216 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en votación ordinaria e por dez votos a favor e seis en contra, ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación ao levantamento do reparo suspensivo que respecto a aprobación de diversas facturas por importe de 95.627,72 euros se contempla no Anexo I ao Informe da Intervención.

Segundo.- Prestar aprobación inicial o proxecto xeral de orzamento municipal para o exercicio 2009 en todos e cada un dos seus estados e anexos, bases de execución por un importe de 11,1 millóns €.

Terceiro: E que se someta á información pública mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios polo prazo de 15 días hábiles, para a formulación de alegacións e suxestións, considerándose aprobado definitivamente se durante o citado prazo non se presenta reclamación ningunha, segundo o disposto no RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia, sendo as catorce horas e trinta minutos, péchase a sesión, d que eu secretaria xeral dou fe.